

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES QUE SE PODEN FACER NO TEMPO DE LECER

Ir á praia	Guerra de auga	Facer limoada
Pintura de dedos	Pompas de xabón	Xogar aos bolos
Facer polos con zumes	Busca do tesouro	Nadar
Piñata	Origami	Facer un Pínic
Cociñar xuntos	Carreira de obstáculos	Xogar ás bólas
Ver fogos artificiais	Mini golf	Castelos de area
Facer pizza	Dar de comer ós parrulos	Pintar con acuarelas
Xogar co frisbee	Facer plastilina caseira	Facer flocos de millo
Xogar ao tenis	Gravar un vídeo	Visitar unha granxa
Dormir ao aire libre	Pasear por un bosque	Escribir un conto xuntos
Facer xeado	Ir a un cinema de verán	Voar un papaventos
Viaxar a un lugar descoñecido	Lavar o coche xuntos	Ir ao mercado
Pintar pedras	Xogar ao ping pong	Visitar un parque novo
Facer batidos de froitas	Escalar unha árbore	Bombas de auga con esponxas
Pintar con xices no chan	Merendar con amigos	Pelexa de almofadas
Plantar flores	Festa de pixamas	Globos de auga
Observar os paxaros	Ir ao mercado	Facer galletas
Pasear pola montaña	Xogar ás bólas	Xogar á rayuela
Colares con botóns	Xogar aos piratas	Escribir unha carta
Xogar ao escondedoiro	Visitar un museo	Inventar unha canción
Ir á piscina	Derreter pinturas	Facer marmelada
Ilustrar un conto	Vestirse como superheroes	Facer un crebacabezas
Carreira de sacos	Inventar un xogo	Ir a un concerto ao aire libre
Pintar un cadro xuntos	Crear un boneco de tea	Facer unha colaxe
Pintar coas mans	Festa sorpresa	Facer ioga xuntos
Montar cabalo / pony	Saltar nas camas elásticas	Facer monicreques con calcetíns
Disfrazarse	Tea Party	Ir en bicicleta
Plantar unha árbore	Mirar as estrelas	Tinguir camisetas
Recoller cunchas	Globoflexia	Xogar ao Twister
Tarde de manualidades	Festa da froita	Piscina de pelotas
Body paint	Facer caramelos	Ver unha chuvia de estrelas
Xogar entre os aspersores	Preparar o pan na casa	Facer pasta de sal
Sombras chinescas	Bailar baixo o chuvia	Facer grupos de lentellas e garbanzos



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

(CEIP Santo André de Xeve-CEIP Pedro Antonio Cerviño-EEI Verducido)



AXUDAR AO DESENVOLVEMENTO DAS NENAS E NENOS EN EDUCACIÓN INFANTIL

MOTRICIDADE

A **motricidade é moi importante para que unha correcta organización neurolóxica se poida establecer**: Fomentar as actividades do chan: moverse e xogar no chan. Proporcionar experiencias en diferentes tipos de superficies e chans: brandos, rugosos, inestables...

Experiencias manipulativas: manipular obxectos brandos, rugosos... Achegar as mans e utilízalas para manipular obxectos grandes, pequenos, estáticos, móbiles...

Manexar a pinza dos dedos índice e polgar con obxectos que requiren cada vez maior precisión (recoller, contar, agrupar: garbanzos, lentellas...)



Experimentar movementos en espazos amplos e abertos: en chan de area, de céspede, de serra ou montaña, en parques infantís, en zonas de deporte e recreo ao aire libre.

Realizar excursións para ter experiencias de mirar espazos amplos (habilidade visual), en diferentes paisaxes e vivencias.

Favorecer os exercicios de bambáns, equilibrio e actividades ao aire libre.

Realizar exercicios de movementos rápidos con cambios de dirección.

Realizar arrastre e gateo, en zonas con céspede ou na casa

sobre o chan ou unha alfombra, tanto cara a diante coma cara a atrás.

Estimulación vestibular: Croquetas (rodar polo chan, primeiro cos ollos pechados) e volteretas. Patíns de rodas e/ou monopatíns.

Realizar actividades predeportivas e deportes, en función das idades de cada fillo, na que teñan que practicar o lado dominante do corpo:

Deportes con raqueta: tenis, ping-pong, frontón.

Practicar lanzamentos: baloncesto, ensartar argolas e outros.

Xogar ao tiro, ao arco, e similares.

DOMINIO DO ESPAZO E O TEMPO

O factor espacial e temporal é imprescindible para a lectura, a escritura e a aprendizaxe xeral:

- Repasar conceptos espaciais: esquerda, dereita, diante, detrás, arriba, abaixo, en fronte, en torno a, arredor, próximo, afastado, etc, tanto nel mesmo coma en referencia aos demais.

- Repasar conceptos temporais: estacións do ano (primavera, verán, outono, inverno), hoxe, onte, mañá, antes de onte, pasadomañá, a semana pasada, a semana que vén, o mes anterior, o mes próximo...

- Repasar as horas.

AUDICIÓN, PERCEPCIÓN E MEMORIA AUDITIVA

Moi importante para converter axeitadamente os fonemas en grafemas.

Escoitar música clásica diariamente, especialmente Mozart ou Bach.

Xogos tipo SIMON.

VISOPERCEPCIÓN

Especialmente interesante é o xogo de TANGRAM.

Xogos de MEMORIS.



MEMORIA

As actividades que a continuación aparecen pódense aplicar ás diferentes idades adaptando os contidos que se queiran presentar:

1. Dar ao neno/a unha serie de palabras e que con elas elabore unha historia.
2. Preséntanse varios obxectos para que os observe. Logo cámbianse de posición e díselle que os coloque na posición orixinal.
3. Ensínanse varios bits de palabras para que os observe. Logo quita un deles e debe adiviñar cal se retirou.
4. Móstrase ao neno/a unha ilustración, debuxo, fotografía, etc. Déixaselle observalo durante un tempo, tras o cal se lle retira e debe dicir os obxectos, persoas, etc. Qué viu. Logo vólvese presentar para que comprobe o que memorizou.
5. Ensínanse diferentes palabras para que as observe. Logo móstranse as mesmas palabras pero xunto con outras parecidas, para que recoñeza as orixinais.
6. Xogos de atopar parellas.
7. Memoria secuencial de palabras: recordar varias palabras, empezar con 2 ou 3 e ir aumentando (por exemplo, unha selección de fútbol,...)

Outras:

- Debuxar sinxelos croquis de memoria.
- Recordar palabras emparelladas.
- Memoria secuencial auditiva: repetir varios números (aumentando o número deles), primeiro de adiante para atrás e despois de detrás adiante, por exemplo díselle: 187 e repite 187 e logo imos aumentando ese número: 1879... Logo cara a atrás 187 e repite 781 e logo imos aumentando ese número 1879... e tería que dicir 9781...



RITMO

O ritmo é moi importante xa que nos facilita un bo ton e orde. Exemplo de exercizo proposto:

O neno debe seguir os mesmos ritmos que facemos ao golpear unha mesa, empezando de tres en tres e aumentando... por exemplo *-**-* e logo iríámolo complicando pouco a pouco: *-**-*- dependendo dos fallos que observemos no neno, buscando sempre que cometa poucos erros e animándoo.

XOGUETES



SON MOI DESACONSELLABLES AS PANTALLAS, TABLETS, TELÉFONOS MÓBILES, ORDENADOR, TV...):

Lotes de coches, bonecos e bonecas, bolos e dianas, patinetes, bicicletas, lotes de animais,

xogos simbólicos (moi importante para que o neno asimile e practique o vocabulario propio dos adultos e se inicie nas relacións e habilidades sociais: cocinitas,

talleres, mercado, autobús,...), xogos de mesa, pizarra ou parede pintada tipo pizarra, pezas de construción...

